

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO "DIVERSIDADE XENÉTICA DO OURIZO DE MAR GALEGO E A SÚA APLICACIÓN NA CONSERVACIÓN. OURIXEN".

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura, 9 de agosto de 2023, ata o 30 de novembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a a Universidade de Santiago de Compostela a través do Grupo de Investigación en Sistemática Molecular (SISMOL), do Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular, co fin de acadar un coñecemento detallado sobre a diversidade e estrutura xenética das poboacións de ourizo de mar (*Paracentrotus lividus*), aplicable na xestión sostible do recurso, sendo os obxectivos da proposta::

- Avaliación da estrutura xenética das poboacións das diferentes rías e áreas de explotación como garantía para unha eficiente xestión do recurso.
 - Definición dunha estratexia fundamentada para as actividades de reprodución e mellora do recurso.
 - Mantemento da maior riqueza en diversidade xenética, como garantía de resiliencia do recurso, a través das tarefas de repoboación.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

- Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia. A citada Rede conta cunha dotación orzamentaria de 2.500.000 € para os anos 2022 e 2023, financiadas nun 75% polo Fondo Europeo do Mar e da Pesca para a realización das actuacións recollidas no artigo 28 do Regulamento (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio, referido ás asociacións entre o sector da investigación e o sector pesqueiro: *"creación destas redes ou asociacións, como ás actividades realizadas no marco delas, podendo comprender a recompilación de datos e actividades de xestión, estudos, proxectos piloto, difusión de coñecementos e resultados de investigacións, seminarios e mellores prácticas, así mesmo a accións dirixidas á creación de redes, acordos de asociación ou asociacións entre un ou varios organismos científicos independentes e o sector pesqueiro, en que poden participar organismos técnicos"*.
- Na xuntanza ordinaria da Rede celebrada o 9 de xuño de 2023, esta valorou positivamente a realización dun Convenio entre a Xunta de Galicia a través da Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela para a execución do proxecto, co fin de acadar un coñecemento detallado sobre a diversidade e estrutura xenética das poboacións de ourizo de mar (*Paracentrotus lividus*), aplicable na xestión sostible do recurso, posto que os



seus obxectivos están aliñados coa finalidade da Rede, é de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así coma para o ben común e interese xeral.

- A Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan a realización do proxecto: "Diversidade xenética do ourizo de mar galego e a súa aplicación na conservación. OURIXEN". A información derivada deste proxecto proporcionará unha avaliación do estado actual e evolución dos recursos e actividade pesqueira que proporcionará á Consellería do Mar e resto de integrantes da Rede o coñecemento necesario para mellorar a súa xestión e asegurar a sustentabilidade da pesca artesanal en Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

